

## Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Oscar Rodríguez Figueiras, secretario da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión extraordinaria celebrada o 26 de outubro de 2022 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación.

### **PUNTO ÚNICO: Aprobación dos Informes de adscrición de materias do Grao en Enxeñaría Informática (G4012) e Grao en Intelixencia Artificial (G4121) para o curso 2023-24.**

A Comisión Permanente aproba o informe de adscrición de materias do Grao en Enxeñaría Informática (G4012) e Grao en Intelixencia Artificial (G4121), coas seguintes modificacións respecto do documento do SXOPRA:

Grao en Enxeñaría Informática:

- Modelos e Técnicas de optimización: Nivel 3 para a área de Estatística e Investigación Operativa e nivel 2 para Matemática Aplicada.

Grao en Intelixencia Artificial:

- Álgebra: Nivel 3 para a área de Álgebra e nivel 2 para as áreas de Análise Matemática e de Xeometría e Topoloxía.
- Cálculo e análise numérica: Nivel 3 para a área de Matemática Aplicada e nivel 2 para as áreas de Análise Matemática e de Estatística e Investigación Operativa.
- Matemática Discreta: Nivel 3 para a área de Álgebra e nivel 2 para Xeometría e Topoloxía.
- Estatística: Nivel 3 para a área de Estatística e Investigación Operativa e nivel 2 para Xeometría e Topoloxía.
- Lóxica: Nivel 3 para a área de Lóxica e Filosofía da Ciencia, nivel 2 para Álgebra e nivel 1 para as áreas de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial e de Linguaxes e Sistemas Informáticos.
- Xestión de organizacións: Nivel 3 para a área de Economía Financeira e Contabilidade e nivel 2 para Organización de Empresas.
- Optimización matemática: Nivel 3 para a área de Estatística e Investigación Operativa, nivel 2 para Matemática Aplicada e nivel 1 para Análise Matemática.
- Aspectos tecnocientíficos da Intelixencia Artificial: Nivel 3 para a área de Lóxica e Filosofía da Ciencia e nivel 2 para as áreas de Filosofía e de Filosofía Moral.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.